



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

INICIO DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO/TRABALLADOR DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO *SANTA ISABEL V*.-

José Pardo Lombao, alcalde-presidente do Concello de Outeiro de Rei (Lugo).-

EXPOÑO:

Mediante resolución notificada a este concello o día 03/10/ 2023 pola Xefatura Territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade de Lugo, se acorda outorgar unha subvención por importe de 531.046,2 € ao Concello de Outeiro de Rei para a realización do proxecto de obradoiro dual de emprego denominado *Santa Isabel V* que se desenvolverá nos municipios de Outeiro de Rei, Castro de Rei e Cospeito.

O obradoiro dual de emprego *Santa Isabel V* é un programa mixto de formación e emprego promovido polos Concellos de Outeiro de Rei, Castro de Rei e Cospeito, dirixido a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas a través da súa cualificación profesional en alternancia coa adquisición de experiencia laboral mediante a realización de obras ou a prestación de servizos de utilidade pública ou de interese social.

As especialidades formativas a impartir e as obras ou servizos a realizar no Obradoiro Dual de Emprego *Santa Isabel V* por municipios son as seguintes:

### **CONCELLO DE OUTEIRO DE REI**

#### **EOCB0110 Pintura decorativa en construción**

EOCB0311 Pintura industrial en construción (deste certificado soamente se impartirá o módulo MF1936\_2)

Certificado de profesionalidade de nivel 2 que se combina cun módulo do certificado de Pintura industrial en construción do mesmo nivel.

#### **ACONDICIONAMENTO INTERIOR DE CENTROS SOCIOCULTURAIS MUNICIPAIS**

### **CONCELLO DE CASTRO DE REI**

#### **EOCB0109 Operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción**

EOCB0209 Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización (deste certificado impartiranse os módulos MF 1320\_1 e MF 1321\_1)

EOCB0208 Operacións auxiliares de albanelería de fábricas e cubertas (deste certificado impartirase o módulo MF0142\_1)

Certificado de profesionalidade de nivel 1 que se combina con módulos dos certificados de Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización e Operacións auxiliares de albanelería de fábricas e cubertas, ambos certificados do mesmo nivel.

#### **CONSTRUCCIÓN DE 96 SEPULTURAS NO CEMITERIO MUNICIPAL DE DUARRÍA E REHABILITACIÓN PARCIAL DA ANTIGA ESCOLA UNITARIA DA PARROQUIA DE MONDRIZ**

### **CONCELLO DE COSPEITO**

#### **EOCB0209 - Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización**

EOCB0211–Pavimentos e albanelería de urbanización (deste certificado impartiranse os módulos MF 1929\_2, MF 1930\_2, MF 1931\_2, MF1932\_2 e MF2327\_2)

EOCB0108–Fábricas de albanelería (deste certificado impartirase o módulo MF0141\_2)





## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Certificado de profesionalidade de nivel 1 que se combina con módulos de dous certificados de profesionalidade de nivel 2 (Pavimentos e albanelaría e Fábricas de albanelaría).

MELLORA DE ESPAZOS URBANOS E BEIRARRÚAS NO CASCO URBANO DE FEIRA DO MONTE E HUMANIZACIÓN DA RÚA BILLERMA EN MUIMENTA

A posta en marcha deste obradoiro foi solicitada polo Concello de Outeiro de Rei ao abeiro da Orde da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade do 21 de abril de 2003 (DOG núm. 85, do 4 de maio de 2023). Para elo, o día 16/05/2023 asinouse un convenio de colaboración entre os citados concellos para a solicitude conxunta da referida axuda á Xunta de Galicia, correspondendo ao Concello de Outeiro de Rei a realización das actuacións administrativas necesarias para a correcta xestión da solicitude de axuda do obradoiro de emprego así coma a xustificación do investimento, asumindo a representación perante a Xunta de Galicia e no grupo de traballo da totalidade dos concellos asinantes; igualmente, o Concello de Outeiro de Rei asumiu a través do citado convenio a tramitación dos expedientes de selección e contratación de alumn@s-traballador@s e do persoal directivo, docente e administrativo de apoio participante no proxecto para o desenvolvemento do programa a través dun procedemento específico regulado mediante instrución da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación.

En cumprimento do establecido nas instrucións emitidas pola Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación sobre o procedemento de selección do alumnado-traballador, persoal directivo, docente e de apoio do obradoiro dual de emprego, as relacións contractuais resultantes da selección do alumnado-traballador quedarán supeditadas á comprobación, unha vez realizada a selección, do cumprimento dos requisitos de acceso para participar no proxecto polas oficinas de Emprego. Igualmente, quedarán supeditadas todas as contratacións previstas a calquera imprevisto que poida xurdir que faga inviable a realización do obradoiro dual de emprego ou mesmo a súa continuidade.

Considerando as facultades que me outorga o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, das Bases de Réxime Local e demais disposicións concordantes e de aplicación,

RESOLVO:

Primeiro: Iníciase expediente de selección para a contratación laboral temporal de 20 alumnos/as-traballadores/as para o Obradoiro de Emprego *Santa Isabel V*.

Segundo: Nomear como membros integrantes do tribunal de selección a:

- Cristina Castro Fuentes, en calidade de presidenta.
- José Luis Pardo Ferro, en calidade de vogal.
- Isabel María Pernas Sánchez, en calidade de vogal.
- Aurora Blanco Candal, en calidade de vogal.
- M<sup>a</sup> Soledad Picón Acal, en calidade de vogal e secretaria do tribunal.

Terceiro: Expóñase o presente acordo no taboleiro de edictos do Concello, tanto virtual como físico, ata o día seguinte ao da finalización das probas selectivas dando traslado do mesmo ás oficinas de emprego Lugo Sur e de Vilalba para ser exposto nos seus taboleiros de anuncios.





## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Igualmente, trasladar este acordo ao Concello de Castro de Rei e ao Concello de Cospeito para a súa exposición nas súas respectivas páxinas webs e taboleiros de edictos municipais.

Cuarto: Fixar as seguintes bases para a selección de alumnado/traballador do obradoiro dual de emprego *Santa Isabel V*.





# CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

## BASES PARA A SELECCIÓN DAS PERSOAS TRABALLADORAS PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO *SANTA ISABEL V*- CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

### Primeira.- Obxecto

Estas bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto no artigo 11 da Orde do 21 de abril de 2023 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (DOG núm. 85, do 4 de maio de 2023), establecer o sistema, requisitos, baremos ou probas que se aplicarán na selección das 20 persoas alumnas traballadoras que participarán no obradoiro dual de emprego *Santa Isabel V*, promovido polo Concello de Outeiro de Rei e subvencionado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

### Segunda.- Relación xurídica das persoas traballadoras participantes coa entidade promotora do obradoiro de emprego

Durante a súa incorporación ao obradoiro dual de emprego as persoas alumnas seleccionadas estarán vinculadas á entidade promotora mediante a modalidade de contrato para a formación en alternancia.

Os contratos de traballo terán carácter temporal, cunha duración de doce meses e serán a xornada completa e cunha retribución mensual de 1.260,00 €/mes (incluída a prorrata da paga extra).

De conformidade co establecido no artigo 14 da Orde do 21 de abril de 2023 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección do persoal das distintas administracións públicas, aínda que a entidade promotora sexa un organismo público. O persoal e o alumnado-traballador seleccionado non se considerarán incluídos nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo, e consecuentemente, non será precisa oferta de emprego pública previa.

### Terceira.- Requisitos das persoas aspirantes

As persoas participantes no proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos:  
Requisitos xerais.

- Ter dezoito ou máis anos de idade.
- Estar desempregadas, entendéndose nesta situación ás persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, en situación laboral non ocupadas e dispoñibles para o emprego. Este requisito deberá de manterse na súa data de incorporación ao proxecto.
- Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación en alternancia, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao obradoiro dual de emprego, desde a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto nos artigos 2 e 6 da convocatoria reguladora.
- Cando a formación a impartir no proxecto vaia dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 2 ou 3, cumprir cos requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan ditos certificados.
- No caso de que a persoa candidata participase con anterioridade noutro programa ou obradoiro de emprego non poderá optar á selección para recibir formación no mesmo certificado de profesionalidade, con independencia de que rematase o obradoiro anterior con resultado apto ou non apto.
- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que corresponden ao posto convocado, estando en condicións de incorporarse ao mesmo na data de inicio do proxecto formativo.

### Cuarta: Causas de exclusión

- ✓ Non cumprir os requisitos esixidos nestas bases e na orde de convocatoria, no momento da súa incorporación ao obradoiro dual de emprego.
- ✓ Ter cursado a especialidade formativa que se programa no obradoiro e para a cal foi seleccionado/a.





# CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

## Quinta.- Oferta de actividade

Aprobados os criterios de selección das persoas alumnas- traballadoras que van participar no obradoiro dual de emprego, presentaranse ofertas de emprego, en función das especialidades formativas que se van a impartir e do concello nos que están localizadas as actuacións previstas no proxecto de obradoiro, definindo nas mesmas os parámetros de sondaxe.

Neste caso corresponde tramitar as ofertas ás oficina de emprego de:

### Oficina de emprego Lugo Sur:

#### OFERTA 1

- Ámbito xeográfico: Concello de Outeiro de Rei
- Número de persoas alumnas-traballadoras: 6
- Especialidades formativas a cursar: EOCB0110 Pintura decorativa en construción  
EOCB0311 Pintura industrial en construción (deste certificado só impartirase o módulo MF1936\_2)
- Ocupacións ou postos de traballo relacionados: pintores e/ou empapeladores; xefe de equipo e/ou encargado de pintores e empapeladores; estuquistas; pintor de interiores; pintor decorador de interiores; pintor de obra ou calquera outra ocupación relacionada coa formación a impartir.
- Requisitos: reunir os requisitos sinalados nos reais decretos que regulan os certificados de profesionalidade e os demais requisitos esixidos nestas bases

#### OFERTA 2

- Ámbito xeográfico: Concello de Castro de Rei
- Número de persoas alumnas-traballadoras: 7
- Especialidades formativas a cursar: EOCB0109 Operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción  
EOCB0209 Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización (deste certificado impartiranse os módulos MF 1320\_1 e MF 1321\_1)  
EOCB0208 Operacións auxiliares de albanería de fábricas e cubertas (deste certificado soamente se impartirá o módulo MF0142\_1)
- Ocupacións ou postos de traballo relacionados: peóns da construción de edificios; operario de acabados; axudante de albanel; axudante de pintor; peón especializado; pavimentador a base de formigón; pavimentadores con lastras; axudante de albanel ou calquera outra ocupación relacionada coa formación a impartir).
- Requisitos: reunir os requisitos sinalados nos reais decretos que regulan os certificados de profesionalidade e os demais requisitos esixidos nestas bases

### Oficina de emprego de Vilalba:

#### OFERTA 1

- Ámbito xeográfico: Concello de Cospeito
- Número de persoas alumnas-traballadoras: 7
- Especialidades formativas a cursar: EOCB0209- Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización  
EOCB0211-Pavimentos e albanería de urbanización (deste certificado impartiranse os módulos MF 1929\_2, MF 1930\_2, MF 1931\_2, MF1932\_2 e MF2327\_2)  
EOCB0108-Fábricas de albanería (deste certificado impartirase o módulo MF0141\_2)
- Ocupacións ou postos de traballo relacionados: peóns da construción de edificios; pavimentadores con lastras; axudante de alicador-soldador; pavimentador a base de formigón; albanel de urbanización; pavimentador con baldosas e louxas; peón especializado ou calquera outra ocupación relacionada coa formación a impartir.
- Requisitos: reunir os requisitos sinalados nos reais decretos que regulan os certificados de profesionalidade e os demais requisitos esixidos nestas bases

A oficina de emprego remitirá ao tribunal de selección a relación das persoas candidatas resultado da oferta, na medida do posible, tres por posto.

No caso de non haber persoas candidatas suficientes, a sondaxe será ampliada aos concellos que forman parte do obradoiro dual de emprego e inclusive de ser preciso, a concellos limítrofes, neste caso según criterio das





# CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

respectivas oficinas de emprego.

Concluída a sondaxe, a oficina de emprego comunicará por carta ás persoas candidatas o lugar, data e hora á que deberán asistir para realizar a baremación de méritos, indicándolles así mesmo que deberán de facelo provistos da documentación orixinal ou copia cotexada, que acredite os méritos sinalados nestas bases, para entregar ao tribunal de selección.

A selección terá lugar o venres día **27 de outubro de 2023** no Concello de Outeiro de Rei coa seguinte orde:

- Ás 10,00 horas para persoas alumnas-traballadoras do módulo que se vai a impartir en Outeiro de Rei.
- Ás 12,00 horas para persoas alumnas-traballadoras do módulo que se vai a impartir en Castro de Rei.
- Ás 14,00 horas para persoas alumnas-traballadoras do módulo que se vai a impartir en Cospeito.

As persoas que reciban a correspondente notificación por parte do Servizo Público de Emprego de Galicia deberán agardar, no día e hora fixado na mesma para a selección, diante da Casa Consistorial do concello de Outeiro de Rei a recibir instrucións de acceso para a realización da selección.

## Sexta: Procedemento de selección

De acordo co disposto na orde de convocatoria, terán preferencia na oferta de emprego que se tramite as persoas que solicitaron este servizo a través da súa demanda de emprego e, dentro destas, priorizarase a aquelas que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional. Ademais, priorizaranse ás persoas demandantes que teñan especiais dificultades de inserción no mercado de traballo, tales como os emigrantes retornados; as mulleres en xeral; as mulleres vítimas de violencia de xénero; as persoas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego; as persoas paradas de longa duración; as persoas maiores de corenta e cinco anos; as persoas que carecen de títulos universitarios e de FP de grao superior; as persoas con discapacidade, sempre que poidan realizar os traballos, e as persoas beneficiarias do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia.

**En todo caso, terán prioridade na selección aquelas persoas alumnas candidatas que non tiveran participado nos cinco últimos anos nun obradoiro de emprego, polo que aqueles que participaron en anteriores obradoiros pasarán ao final da lista, na orde que lles corresponda tendo en conta a súa puntuación.**

O sistema de selección consistirá na valoración dos méritos alegados polas persoas demandantes de emprego remitidas polas oficinas de emprego. A valoración de méritos obxectivos realizarase segundo o baremo establecido no anexo I, por medio do cal serán avaliadas as circunstancias persoais e profesionais das persoas candidatas, cunha puntuación máxima de 29 puntos.

A forma de acreditar os méritos alegados recóllese no anexo I destas bases.

Finalizado o proceso de selección, o tribunal de selección procederá ao establecemento das puntuacións finais das persoas candidatas participantes no procedemento que virán dadas pola suma dos puntos acadados en dita valoración e determinarán a orde de prelación das persoas candidatas para a súa ulterior contratación pola entidade promotora.

No suposto de empate nas puntuacións de dous o máis candidatos, terá preferencia a persoa de máis antigüidade como desempregada a contar dende o último emprego segundo a vida laboral, e finalmente, en caso de continuar o empate dirimirase a favor da persoa de maior idade.

O tribunal de selección asinará a acta de todo o actuado, facendo constar para cada unha das persoas candidatas a puntuación total e a/as especialidade/s formativas ás que son adscritos e deixando constancia das persoas excluídas ( sinalando neste último suposto os motivos da exclusión). A listaxe de alumnos-traballadores propostos pola entidade promotora será remitida ás oficinas de emprego Lugo Sur e de Vilalba para que verifiquen que cumpren con todos os requisitos para participar no proxecto. No suposto de que algunha das persoas alumnas-traballadoras propostas non cumprira ditos requisitos a entidade promotora terá que substituílo pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva. Tamén trasladarase para a súa exposición pública aos Concellos integrantes do obradoiro dual de emprego *Santa Isabel V.*

## Sétima.- Listaxe de reserva





## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

O tribunal de selección, coa finalidade de suplir as posibles baixas das persoas seleccionadas como alumnas traballadoras, poderá elaborar unha lista de reserva que estará integrada polas persoas candidatas que, non sendo seleccionadas, obtiveran as maiores puntuacións. En caso de esgotarse realizaríase novamente oferta na oficina de emprego.

Esta listaxe de reserva terá vixencia mentres sexa posible substituír ao alumno/a traballador/a.

### Oitava.- Admisión

As persoas seleccionadas polo tribunal de selección serán admitidas pola entidade promotora, para participar no obradoiro dual de emprego na condición de alumnos/as traballadores/as sempre e cando cumpran os requisitos destas bases. A tal efecto, a persoa seleccionada deberá presentar no Concello de Outeiro de Rei e no prazo máximo de dous días hábiles a contar desde a data de comunicación da resolución pola que se traslada a condición de seleccionado/a a seguinte documentación:

- Tarxeta da seguridade social, si se posúe.
- Informe médico acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o normal desempeño do posto de traballo.
- 1 fotografía tamaño carné.
- Certificado expedido polo Concello de Outeiro de Rei de estar ao día nas obrigas tributarias co Concello.
- Declaración xurada de non atoparse ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade sinaladas na lexislación vixente.
- Orixinais ou copias cotexadas, no caso de non estar presentados con anterioridade, da documentación requirida para optar ao posto e dos méritos alegados.
- Número de conta bancaria co código IBAN (24 caracteres) da que sexa titular a persoa seleccionada para o ingreso das correspondentes nóminas.

En todo caso, os requisitos de selección deben de manterse na data de incorporación ao proxecto.

### Novena.- Incidencias e reclamacións

As incidencias e reclamacións que se poidan suscitar, derivadas deste proceso de selección, presentaranse ante o tribunal de selección no prazo de 2 días naturais a contar desde o seguinte ao da exposición da relación de persoas candidatas admitidas, excluídas e reservas, e serán resoltas por este, sen que caiba ulterior recurso en vía administrativa.

### Décima.- Publicidade das bases

Estas bases serán remitidas ás oficinas de emprego Lugo Sur e á oficina de emprego de Vilalba para ser expostas ao público nos taboleiros de anuncios; igualmente, serán expostas no taboleiro de anuncios e na páxina web da entidade promotora e remitidas aos Concellos de Castro de Rei e de Cospeito, para a súa exposición pública.

En Outeiro de Rei

Asdo. dixitalmente: O alcalde,  
José Pardo Lombao

Asdo. dixitalmente: A secretaria  
Cristina Castro Fuentes







# CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

## ANEXO I

### **BAREMO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO-TRABALLADOR DO OBRADOIRO DE EMPREGO SANTA ISABEL V. CONCELLO DE OUTEIRO DE REI**

#### **1. MULLERES:**

- Mulleres vítimas de violencia de xénero.....2 puntos
- Mulleres non puntuadas no apartado anterior .....1 puntos

Acreditarase con:

- DNI da participante no proceso de selección
- Acreditación da condición de vítima de violencia de xénero: mediante sentenza condenatoria por un delito de violencia de xénero; unha orde de protección ou calquera outra resolución xudicial que acorde unha medida cautelar a favor da vítima, ou ben polo informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de que a demandante é vítima de violencia de xénero; tamén pode acreditarse as situacións de violencia de xénero mediante informe dos servizos sociais, dos servizos especializados, ou dos servizos de acollida destinados a vítimas de violencia de xénero da Administración Pública competente.

#### **2. IDADE**

- 18 -29 anos ..... 4 puntos
- 30 – 44 anos ..... 1 puntos
- 45 ou máis ..... 5 puntos

Acreditarase con:

- DNI do/a solicitante.

#### **3. DISCAPACIDADE**

- Minusvalía >= 33%..... 1 punto

Acreditarase con:

- Certificado do grao de discapacidade expedido pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

#### **4. PROTECCIÓN DE DESEMPREGO**

- Perceptores de desemprego .....1 puntos
- Perceptores de subsidios ..... 2 puntos
- Non perceptores ..... 4 puntos

Acreditarase con:

- Certificado da Oficina de Emprego de data outubro de 2023 (ou posterior).

#### **5. TEMPO DE DESEMPREGO DESDE O ÚLTIMO TRABALLO (segundo a vida laboral)**

- Menos de 12 meses ..... 1 puntos
- De 12 a 18 meses ..... 2 puntos
- Máis de 18 meses ..... 4 puntos

Acreditarase con:

- Informe de Vida Laboral expedido pola Seguridade Social de data outubro de 2023 (ou posterior).

#### **6. CATEGORÍA PROFESIONAL ( no traballo inmediateamente anterior, segundo vida laboral)**







## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

- Autónomos ..... 3 puntos
- Grupo de cotización do 1 ao 7 ..... 0 puntos
- Grupo de cotización 8 ..... 1 puntos
- Grupo de cotización 9 ..... 2 puntos
- Grupo de cotización 10 ..... 3 puntos
- Sen emprego anterior ..... 4 puntos

Acreditarase con:

- Informe de Vida Laboral expedido pola Seguridade Social de data outubro de 2023 (ou posterior).

### 7. PERTENZA A COLECTIVOS DESFAVORECIDOS OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL

- Persoas beneficiarias do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia, perceptores de RISGA..... 1 punto

Acreditarase con:

- Informe dos servizos sociais do Concello respectivo ou certificado/resolución do servizo de Prestacións, Inclusión e Inmigración da Consellería de Política Social da concesión do recoñecemento.

### 8. FORMACIÓN ACADÉMICA

- Ata graduado/ESO .....3 puntos
- Bacharelato/BUP e FP ciclo medio ..... 2 puntos
- Títulos universitarios e de FP de ciclo superior ..... 1 puntos

Acreditarase con:

- Titulación que posúa o interesado/a.

### 9. RESPONSABILIDADES FAMILIARES/UNIDADE FAMILIAR DE CONVIVENCIA

*(entendéndose por tal a existencia dunha unidade familiar na que a persoa candidata teña ao seu cargo ao cónxuxe, fillos/as menores de 25 anos ou maiores incapacitados ou menores acollidos. Para a consideración dos dous membros dunha parella de feito como integrantes dunha unidade familiar deberán presentar certificación da súa inscrición os rexistros específicos existentes na comunidade autónoma ou concellos onde residan e no suposto de inexistencia de dita inscrición, mediante documento público no que conste a constitución de dita parella).*

- Unidade familiar de 4 ou máis membros ..... 3 puntos
- Monoparental con fillo/as ..... 3 puntos

Acreditarase con:

- Libro de familia, certificado do Concello dos membros da unidade familiar que conviven no domicilio e informe de vida laboral con data outubro de 2023 (ou posterior), das persoas menores de 25 anos a cargo da persoa interesada. Acreditación documental da situación de acollemento ou de incapacidade se procede.

### 10. OUTROS

- Por ter prevista a realización deste tipo de medidas no seu Itinerario de Inserción Profesional (IPI) con anterioridade a data da firma desta bases ..... 2 puntos

Acreditarase con:

- Documento que certifique que o/a interesado/a ten planificado no seu IPI a súa participación na/s especialidade/s a impartir dentro do obradoiro de emprego do seu concello

**É PRECISO PRESENTAR O DÍA DA SELECCIÓN A DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DOS MÉRITOS ALEGADOS EN ORIXINAL OU COPIA COTEXADA**

